

## ACTA DA 4ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

**Data:** 12 de decembro de 2018

**Lugar:** Sala 2, Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

**Hora de comezo:** 11,30 h

**Hora de remate:** 13,15 h

### Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), presidente
2. Natalia Prieto Viso (directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta
3. M<sup>a</sup> Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria e vogal
4. Marina García Pita (subdirectora xeral de Arquivos), vogal
5. M<sup>a</sup> del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal
6. Gabriel Quiroga Barro (xefe da Sección do Arquivo do Reino de Galicia), vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, (xefe da Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra), vogal
8. Margarita de la Calle Amaro, (analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vogal
9. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do Instituto Galego de Estatística, vogal
10. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, vogal
11. José Luis Castro Carpintero, técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra, en substitución de Alberto González Fernández, Alcalde de Valdoviño, vogal
12. Susana Díaz García técnica de arquivos do Concello de Foz, en substitución de Javier Jorge Castiñeira, Alcalde do Concello de Foz, vogal
13. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, da Dirección Xeral de Xustiza, vogal
14. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, (xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña)

### Ausentes

Xustifican a ausencia

1. M<sup>a</sup> José García Sexto (directora da Área de Modernización das Administracións da AMTEGA)
2. María Aránzazu Potabales Santomé (Subdirección Xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas)
3. M<sup>a</sup> Isabel Novo Castro (letrada da Asesoría Xurídica de Cultura)
4. Pilar Cagiao Vila (profesora titular de H<sup>a</sup> Contemporánea da USC)



## **Orde do día**

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
2. Informar da proposta de modificación do Decreto 15/2016 para a creación da comisión permanente do Consello de Avaliación Documental
3. Supervisar a táboa de avaliación presentada polo Consello de Contas de Galicia
4. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:
  - a) Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanza medias
  - b) Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria
  - c) Expedientes de axudas para actividades de formación de alumnado en linguas estranxeiras
  - d) Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares
  - e) Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños (PERMEX)
5. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local:
  - a) Expedientes de sesións das Comisións Informativas
  - b) Libros de actas das Comisións Informativas
6. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:
  - a) Arquivo Municipal de Ferrol: expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana
  - b) Consellería de Economía, Emprego e Industria: expedientes de rexistro dos contratos laborais
7. Proposta de creación do Grupo de Traballo de Universidades
8. Rolda de intervencións

## **Deliberacións**

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas da 2ª e 3ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia**

Apróbanse as dúas actas das sesións anteriores

2. **Informar da proposta de modificación do Decreto 15/2016 para a creación da comisión permanente do Consello de Avaliación Documental**



O Presidente explica a proposta de modificación do Decreto 15/2016 para a creación dunha Comisión Permanente que facilite o despacho dos asuntos a tratar no Pleno do CAD, e axilizar o procedemento de eliminación das series documentais que contén con táboas de avaliación aprobadas. Estaría composta por:

Presidente/a do CAD

Secretario/a do CAD

Vogais: a titular da subdirección xeral con competencias en materia de arquivos

A titular da xefatura de servizo con competencias no Arquivo de Galicia

A titular da xefatura de servizo con competencias no Sistema de Arquivos de Galicia

As funcións da comisión son, entre outras, preparar os asuntos a tratar no pleno e as propostas de avaliación documental para sometelas ao pleno, revisar e validar as propostas de eliminación que contén con táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

A comisión permanente reunirse, polo menos, para preparar a convocatoria dos asuntos do pleno e cando a convoque o seu presidente ou persoa na que delegue.

Acéptase a proposta. Elaborarase o borrador e se pasará unha copia aos membros do consello.

### **3. Supervisar a táboa de avaliación presentada polo Consello de Contas de Galicia**

O Consello de Contas de Galicia presentou para a súa supervisión polo Consello de Avaliación Documental de Galicia a táboa de avaliación relativa aos expedientes da Conta Xeral da Xunta de Galicia.

Esta táboa foi aprobada polo Pleno do Consello de Contas atendendo á proposta realizada polo seu Arquivo. Propón a eliminación total da serie documental aos 15 anos da súa rendición. Os expedientes que custodian cumpriron os prazos administrativos e xurídicos no exercicio da función propia do Consello. Sen embargo, tendo en conta que para o período 1991 a 1999 a serie estudada contén documentación orixinal, enviada pola Xunta de Galicia para a rendición da Conta Xeral, e mentres non se analice en profundidade o interese que poida ter para a Xunta de Galicia a súa conservación ou selección, considérase que non se debe eliminar e propón a súa transferencia ao Arquivo de Galicia.

Apróbase a proposta e acórdase responderlle ao Consello de Contas.

### **4. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:**

- a) Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanza medias.** A subdirectora xeral de Arquivos explica o estudo da serie, que ten dúas partes: unha parte xeral e outra coas solicitudes e documentos dos solicitantes.  
Acórdase eliminar do ditame a recomendación de conservar as aplicacións de xestión pero si se acorda que esta necesidade se inclúa no estudo da serie.



Gabriel Quiroga di que facer a división de arquivos central/ intermedio / histórico nos arquivos da Xunta de Galicia non ten moito sentido xa que o Arquivo de Galicia é intermedio e histórico.

A subdirectora xeral de Arquivos responde que a división non fai referencia a unha estrutura de arquivos físicos, que non se corresponde coa realidade, senón as fases de actividade segundo o ciclo vital dos documentos.

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental.

**b) Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria**

Apróbase o estudo de avaliación e selección da serie documental

**c) Expedientes de axudas para actividades de formación de alumnado en linguas estranxeiras**

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental

**d) Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares**

Explica o estudo o Técnico do Arquivo Territorial de Pontevedra. O representante do IGE di que dende o ano 2010 en adiante non debería ser de eliminación total. Propón aumentar a mostraxe de conservación xa que a ATRIGA non lles pasa información.

O Presidente di que o estudo de valoración está asinado pola directora da ATRIGA, baséase en que hai información suficiente que se conserva na aplicación “Xeito”. Propón levar adiante esta proposta.

O representante do IGE solicita que conste en acta que esta información non está accesible ao IGE por parte da ATRIGA.

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental.

**d) Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños (PERMEX)**

O técnico do Arquivo Territorial de Pontevedra explica o estudo realizado. É un estudo complexo porque nun procedemento inclúense 3 procedementos.

A Dirección Xeral de Avaliación explica que no ano 2014 aprobáronse unhas guías para normalizar os procedementos e que a partir desa data xa hai unha normalización para dar de alta os procedementos. Acórdase eliminar do ditame a recomendación de conservar as aplicacións de xestión pero se acepta que esta necesidade se inclúa no estudo da serie.

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental

**5. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración Local:**

**a) Expedientes de sesións das Comisións Informativas**





Explica o estudo o representante da Administración Local e Técnico do Arquivo da Deputación de Pontevedra. Recoméndase poñer en nota a relación de series que figuran como complementarias.

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental

**b) Libros de actas das Comisións Informativas**

Apróbase o estudo de avaliación e a proposta de selección da serie documental

**6. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:**

A subdirectora xeral de Arquivos informa sobre as dúas propostas de eliminación recibidas:

**c) Arquivo Municipal de Ferrol: expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana**

Apróbase a proposta de eliminación

**d) Consellería de Economía, Emprego e Industria: expedientes de rexistro dos contratos laborais**

O representante do IGE informa sobre a mostraxe realizada

Apróbase a proposta de eliminación

**7. Proposta de creación do Grupo de Traballo de Universidades**

O Presidente informa sobre a proposta de creación dun Grupo de Traballo de Universidades. Estará formado por técnicos de arquivos das tres universidades galegas. O coordinador do grupo será José Luis Minguez-Goyanes, xefe do Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña e vogal do Consello de Avaliación Documental de Galicia en representación dos arquivos universitarios.

Acordo:

- Dar de alta o Grupo de Traballo de Universidades no Espazo Arquivos e dar de alta aos integrantes do grupo.
- Remitir os nomeamentos aos integrantes do grupo.

**8. Rolda de intervencións**

O Presidente da conta das desculpas da Intervención Xeral por non poder asistir á reunión debido á carga de traballo derivada do peche de exercicio, e solicitan que se pospoña a análise da serie documental dos expedientes de gasto, que lle solicitou na anterior xuntanza, ata a vindeira reunión.

Fálase da conveniencia de non convocar este Consello en decembro para non coincidir co peche de exercicio.

Os representantes dos Arquivos da Administración Local propoñen dar prioridade á valoración dos procedementos electrónicos para ir introducíndonos na xestión electrónica e dar resposta ás demandas nas diferentes fases na administración e mellorar a eficacia na metodoloxía.



O técnico do Arquivo Territorial de Pontevedra comenta que a Consellería de Sanidade vai a dixitalizar a documentación das historias clínicas. Habería que saber si cumpren as garantías en canto a eliminación da documentación en papel.

O presidente di que temos coñecemento polo DOG, que xa se estableceu contacto con eles e se fixo un informe dende a Subdirección Xeral de Arquivos.

O Técnico do Arquivo do Reino de Galicia insiste na prioridade da valoración dos procedementos electrónicos. Propón unha modificación das táboas de avaliación: hai moito detalle no campo acceso e falta a parte da valoración da serie documental.

#### **Acordos:**

1. Aprobar as actas das sesións anteriores 2ª e 3ª.
2. Aceptar a proposta de modificación do decreto para a creación dunha Comisión Permanente. Elaborarase un borrador e se remitirá aos membros do consello.
3. Aprobar a proposta de non eliminar os expedientes da Conta Xeral da Xunta de Galicia dos anos 1991 a 1999 e propoñer ao Consello de Contas a súa transferencia ao Arquivo de Galicia. Esta serie contén documentación orixinal, enviada pola Xunta de Galicia para a rendición da Conta Xeral, e mentres non se analice en profundidade o interese que poida ter para a Xunta de Galicia a súa conservación ou selección, considérase que non se debe eliminar e propón a súa transferencia ao Arquivo de Galicia.
4. Aprobar os estudos de avaliación e as propostas de selección das series documentais da Administración Autonómica que se relacionan a continuación:
  - a) Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanza medias
  - b) Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria
  - c) Expedientes de axudas para actividades de formación de alumnado en linguas estranxeiras
  - d) Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares
  - e) Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños (PERMEX)
5. Aprobar os estudos de avaliación e propostas de selección das series documentais da Administración Local que se relacionan a continuación:
  - a) Expedientes de sesións das Comisións Informativas
  - b) Libros de Actas das Comisións Informativas
6. Aprobar as propostas de eliminación de documentos:
  - a) Arquivo Municipal de Ferrol: expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana 1985/2012. (Táboa 7). 454 unidades de instalación.
  - b) Consellería de Economía, Emprego e Industria: expedientes de rexistro dos contratos laborais 2003/2011 (Táboa 13) . 11.523 unidades de instalación.





7. Crear o Grupo de Traballo de Universidades. Estará formado por técnicos de arquivos das tres universidades galegas. O coordinador do grupo será José Luis Minguez-Goyanes, xefe do Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña e vogal do Consello de Avaliación Documental de Galicia en representación dos arquivos universitarios.
8. Dar de alta o Grupo de Traballo de Universidades no Espazo Colaborativo de arquivos así como aos seus integrantes.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,15 horas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente.

A secretaria

M<sup>a</sup> Josefa Piñón López

V<sup>o</sup> e Prace

O presidente,

Anxo M. Lorenzo Suárez

